

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006079	CPI Curros Enríquez	Pazos de Borbén	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

O CPI Curros Enríquez sitúase no rural, no concello de Pazos de Borbén, . perto de Redondela e Vigo, , e acolle os alumnos/as procedentes de dito concello, aínda que achégase alumnado procedente de fora pola oferta académica que fai e os servizos que presta, posibilitando a conciliación familiar e laboral..

A materia de Relixión Católica é opcional e escóllena aqueles pais/nais/titores dos alumnos/as que desexan ofertar a eses alumnos/as unha formación centrada en tres grandes ámbitos:

- 1.- Coñecer a Biblia e a persoa de Xesús de Nazaret. Feitos transcendentais na historia de humanidade.
- 2.- Coñecer os aspectos máis salientables da fe, doutrina e moral católica que axuda a formarse no coñecemento duns valores e principios que axudan a situarse na vida persoal e social dende unha perspectiva cristiá.
- 3.- Coñecer un dos fundamentos históricos da nosa sociedade en tódolos seus ámbitos (cultura, arte, pensamento, acción social, etc) e a realidade actual de Igrexa Católica e as súas actividades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos clave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O sentido relixioso da vida humana	/ A fe como fonte de vida. Don de Deus e búsqueda persoal. Opción vertebradora da persoa. A dignidade de Persoa. O misterio de Cristo. A Santísima Trindade. A autenticidade de fe. A fe e a pertencencia a Igrexa.	25	5	X		
2	O proxecto de Deus e o pecado orixinal	A Creación. O misterio do ser humano. O pecado orixinal. Textos da Xénesis 1-3. A realidade do mal e o pecado. A Penitencia. A Unción de Enfermos. O cristiano fermento do amor de Deus: caridade e solidaridade.	25	10	X		
3	A Igrexa, lugar de encontro con Xesús	/ Igrexa Católica. O misterio da presenza de Deus na Igrexa. A misión da Igrexa. Culto e liturxia. María. A vocación cristiãna.	25	10		X	
4	Cristo ilumina a vida persoal e social	A persoa transformada por Cristo. A Moral cristiãna. Valores. Conciencia. Lei. A Lei de Deus. Valores do Evanxeo. As Benaventuranzas. As obras de misericordia.	25	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O sentido relixioso da vida humana	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Recoñecer o ser humano como imaxe e semellanza de Deus. Tamén como fillo de Deus, por adopción. Concepto de Persoa (Boecio). Dereitos Humanos e Lei Natural	PE	100
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	O ser humano busca sentido na vida. O plan salvífico de Deus (Evanxelio). A dimensión moral e relixiosa da vida humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.

UD	Título da UD	Duración
2	O proxecto de Deus e o pecado orixinal	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Valorar e contribuir a fraternidade universal co sentido do amor e do perdón, sendo o ser humano centro acción para a solidariedade e caridade cristiana. O plan salvífico de Deus.	PE	100
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Favorecer a convivencia e o diálogo asentados no amor, respecto, escoita e perdón. Valores evanxélicos e sacramentais.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Recoñecer a fe como ámbito de saber e acceso a Deus (fe e razón). O saber relixioso/teolóxico como ámbito de coñecemento, con espacio propio e en diálogo coa razón a fe e a técnica. Recoñecer na fe unha das fontes constructoras de cultura e civilización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
3	A Igrexa, lugar de encontro con Xesús	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Recoñecer a participación da Igrexa Católica e a fe cristiana na construción cultural, social e histórica da nosa comunidade, xunto con outras realidades ideolóxicas, e promovendo a convivencia e colaboración no ben común.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Reconocer a aportación da fe cristiana e da Igrexa Católica a nosa tradición cultural e social, e a da mesma civilización occidental, e a toda humanidade. Recoñecelo, valoralo e poñelo en valor como legado vivo.		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Reconocer a aportación histórica e actual da fe cristiana e da Igrexa Católica a fraternidade universal, coas súas luces e sombras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
4	Cristo ilumina a vida persoal e social	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Diseñar e valorar un proxecto persoal de vida, fundado no Evanxeo de Xesús e os seus valores universais. dando sentido a propia vida, dende a fe cristiana vivida e comprometida.	PE	100
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Valorar a propia persoa, os outros e Creación, como casa e espazo social común que debemos respetar e cuidar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Valorar a sociedade democrática, e desenvolver e exercitar o sentido de solidariedade. Recoñecer os valores de ben común e desenvolvemento humano integral, que nacen do Evanxeo e ensina a Igrexa Católica.		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Valorar a cooperación co ben común, como proxecto vital para a millora da propia persoa, da sociedade e da Creación de Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

4.1. Concrecións metodolóxicas

INDAGACIÓN: a obtención e análise da información.

EXPOSICIÓN: búscase o aprendizaxe significativo a través de expresión do traballo persoal ou grupal do alumnado.

MOTIVACIÓN: captar contidos e valores. Exercicio de diálogo.

MÉTODO JOC: ver, xuzgar e actuar. Partir da experiencia, confrontala coa mensaxe cristiá e formular accións.

TRABALLO COOPERATIVO.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libreta persoal do alumno/a
Fichas de traballo.
A Biblia
Mapas bíblicos e relixiosos

Documentos e textos da Igrexa Católica: Biblia, Maxisterio, teoloxía.
Aula Virtual. Curso de Relixión Católica.
Material visual e sonoro. Vida misioneira (Misioneiros Combonianos), Valores de Cine (editorial San Pablo) e cortos de You Tube (Biblia project)
Material da Biblioteca do CPI. Sección Relixión.

A libreta é onde o alumnado recolle os apuntes da clase. As fichas de traballo son as probas escritas. Os documentos/textos de traballo son textos a comentar polo alumnado a partir dos seus coñecementos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro, procederase a observación dos coñecementos previos e as capacidades e habilidades, tanto do grupo como de cada alumno/a. Realizarase en base a un cuestionario, a observación e diálogo cos alumnos, o traballo dun texto ou lectura, para ver a súa comprensión e redacción, e a fluidez na lectura e na expresión oral. O cuestionario proposto para os rapaces procedentes de primaria ou procedentes doutros centros, rapaces que en principio non coñezo:

1. Di o nome das cinco grandes relixións da actualidade no mundo.
2. Pon unha característica da vida de Xesús de Nazaret que máis che chamou a atención.
3. Un compañeiro achégase a ti con un papel que pon: Mt, 1, 1-5. Que é?, explicalle o significado e busca o texto.
4. Escribe os sete sacramentos. De eles os que ti coñezas, por que asistiches na igrexa a algún. Que signo sacramental ou ceremonial coñeces deles, e para que son.
5. Escribe os dez mandamentos, explicaos. E o mandamento de Cristo?

Como resultado desta avaliación, se é necesario procederase a unha adaptación o nivel da aula, para partir da realidade e construír sobre ela. Do mesmo xeito, se fose preciso realizarase o apoio ou adaptación de forma individual, se houberse algún alumno/a que o precisase. Neste caso con seguimento e tipo de traballo, dende o seu nivel, pero integrado na clase, todo en colaboración co Departamento de Orientación. De tódolos xeitos, a concreción das medidas están por determinar, fruto dunha avaliación inicial, e explicitaranse no libro do departamento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A base da cualificación do alumnado son as "fichas de traballo" de cada unidade didáctica (exames-controis do coñecemento e comprensión dos contidos). Inclúese a elaboración de mapas bíblicos ou históricos e a realización de traballos de textos (resumes, esquematizacións ou comentarios), e traballos de investigación. E o que se considera proba escrita.

PRIMEIRA AVALIACIÓN: Fichas de traballo son o 100% da nota.

SEGUNDA AVALIACIÓN: Fichas de traballo son o 100% da nota.

TERCEIRA AVALIACIÓN: Fichas de traballo son o 100% da nota.

O alumnado da ESO que suspenda calquera das avaliacións parciais terá traballo de recuperación desa avaliación ó principio do trimestre seguinte. No caso da recuperación terceira avaliación, ou calquera das outras se non se recuperaron no seu momento, será antes de finaliza-lo curso, no mes de xuño. Deste xeito, a avaliación do terceiro trimestre, por parte do profesor, farase a principio de xuño, na semana do 5 ó 9 de xuño.

A nota que se obterá na Avaliación Final, coincidente en sesión avaliadora coa terceira avaliación, será a media das tres avaliacións parciais.

O alumnado que tivese a materia aprobada, nese tempo terá traballo de contidos trasversais, misioneiros ou valores, sobre os contidos de ese curso; podendo mellorar nota co traballo-resume de cada contido misioneiro ou de valores.

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda calquera das avaliacións parciais terá traballo de recuperación desa avaliación, tendo como base as fichas de traballo suspensas e correxidas polo profesor.

1- Corrección, acompañada polo profesor, da ficha da Unidade Didáctica suspensa.

2- Unha ficha de traballo de cada Unidade Didáctica suspensa.

3.- Entrega da ficha de traballo en tempo e forma.

O alumnado que tivese a materia suspensa, na súa totalidade ou calquera das avaliacións, inclusive a terceira que de forma práctica adiántase, aínda que a sesión avaliadora coincida coa avaliación final, no tempo entre a avaliación do terceiro trimestre e a avaliación final desenvolverá na clase o traballo, dirixido polo profesor, para recuperación da materia suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que tivese a materia de Relixión Católica pendente, recibirá por parte do profesor Xefe de Departamento un cartafol que incluíra unha serie de fichas de traballo, unha por cada unidade didáctica. Realizaráse no curso, cos prazos de entrega que se establezcan, supervisado polo Xefe de departamento.

No caso de que non entregue o cartafol traballado e correcto, pode facer unha proba escrita sobre os contidos da materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Realización de reforzo académico os alumnos/as que o necesiten.

Identificar alumnos/as con necesidades educativas especiais e asegurarse de que haxa medios para atender a estes alumnos/as.

Elaboración de materiais para este tipo de alumnado.

7.1. Concreción dos elementos trasversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación	X	X		
ET.5 - Emprendemento			X	
ET.6 - Educación Cívica e constitucional	X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
A Igrexa diocesana	Novembro. Traballar a eclesialidade da fe cristiá, a través do material proporcionado pola Diócesis .
Mans Unidas	Febreiro. Traballar o sentido misional e o compromiso evangelizador e solidario do laicado, a través do material proporcionado por Mans Unidas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Alcanzáronse os obxetivos
Déronse todos os contidos
A temporalización deses contidos foi a adecuada
As actividades e a metodoloxía foi a axeitada
Os materiais e recursos didácticos son os axeitados
A avaliación e a cualificación foi a axeitada
Precisouse algunha adaptación da programación a realidade académica do alumnado
Contribue a adquirir as competencias polo alumnado
A diversidade do alumnado foi atendida de forma eficaz e suficiente
Están suficientemente atendidos, dende a materia e o seu horario, os ámbitos TIC, proxecto lector, plan de convivencia e educación en valores
As actividades complementarias foron adecuadas e que resultado tiveron, como respondeu o alumnado

Descrición:

O procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente realizarase entorno e uns indicadores que terán unha numeración de 1 a 3. De menos a máis: insuficientemente logrado, medianamente logrado e logrado. O resultado recollerase no libro de actas do departamento. Por outra banda, tamén realízase esta avaliación do proceso de ensino e da práctica docente na memoria do Departamento de Relixión.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O longo do curso realizarase un seguimento, de carácter semanal, da programación de todos os seus aspectos, levandándose un rexistro mensual no libro de actas do Departamento de Relixión Católica. E se fose necesario realízanse as modificacións necesarias para súa mellora, deixándose por escrito na acta de departamento; así como propostas de mellora, si has houbese.

Este seguimento realizarase de forma global ó final de cada avaliación, e despois da avaliación final. E realizarase en torno a uns aspectos:

- 1.- Os contidos e a súa temporalización.
- 2.- A metodoloxía.
- 3.- Os materiais e recursos didácticos.
- 4.- A tención a diversidade e posibles reforzos educativos.
- 5.- Os instrumentos de avaliación.
- 6.- Os criterios de cualificación.
- 7.- A valoración da/s actividades complementarias. si as houbo.

9. Outros apartados